

160CO

Lamela Portomeñe, Antonio
LG. Carude 5

921

Argiz Fontao, Manuel José
Santa Marta - Couto

R. 03676

Consellería de Traballo

Delegación Provincial de Lugo

RELACIONS LABORAIS

CONVENIOS COLECTIVOS

Exp. 003-2005 (Código 2700195) (REVISIÓN)

Visto o acordo para a revisión das táboas salariais para o ano 2005 e a actualización das mesmas para o 2006 do convenio colectivo para o sector "COMERCIO DE MOBLES E OBXECTOS DECORATIVOS DA PROVINCIA DE LUGO", asinado o día 7 de xullo de 2006, pola representación da Asociación Empresarial de Comercio de Mobles e Obxectos Decorativos de Lugo e das centrais sindicais U.G.T. (50.0%), CC.OO. (33.3%), C.I.G. (16.7%) e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real Decreto Lexislativo 1/95, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real Decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

ESTA DELEGACIÓN PROVINCIAL, ACORDA:

PRIMEIRO: Ordena-la inscrición da revisión para o ano 2005 e as táboas para o 2006 do citado convenio colectivo no rexistro de convenios desta Delegación, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Remití-lo texto da revisión do mentado convenio á Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

TERCEIRO: Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 20 de xullo de 2006.- O DELEGADO PROVINCIAL, José Miguel Vázquez Calvo.

ASISTENTES

Pola parte empresarial:

ASOCIACIÓN EMPRESARIAL DE COMERCIO DE MOBLES E OBXETOS DECORATIVOS DE LUGO:

TRINIDAD LOMBARDEIRO FERNÁNDEZ.

AARÓN CASTRO VILARIÑO.

SANDRA CANCELA VÁZQUEZ.

LUIS FRANCO AGRELO.

Polas Centrais Sindicais:

UGT [50%]

FERNANDO TEIJEIRO VALLEDOR.

MANUEL CHAÍN FERNÁNDEZ.

CC.OO. [33,3%]

JAVIER FREIRE COUCEIRO.

JAIME HERNÁNDEZ PENA.

CIG [16,7%]

JESÚS RODRÍGUEZ LÓPEZ.

Mª DEL CARMEN ANTAS PÉREZ (Asesor).

ACTA

En Lugo, sendo as 17:00 horas do día 7 de xullo de 2006, reúnense nos locais da Confederación de Empresarios de Lugo [Pz. Santo Domingo, nº. 6-8, 2º] as persoas á marxe relacionadas, todas elas integrantes da Comisión Negociadora do Convenio Colectivo de Comercio de Mobles e Obxectos Decorativos da Provincia de Lugo, adoptándose, logo de amplos debates, os seguintes

ACORDOS:

Primeiro.- Aproba-la táboa salarial revisada do ano 2005 do Convenio Colectivo de Comercio de Mobles e Obxectos Decorativos da Provincia de Lugo conforme ó previsto no artigo 15 do Convenio en vigor.

Segundo.- Aproba-la táboa salarial do ano 2006 do Convenio Colectivo de Comercio de Mobles e Obxectos Decorativos da Provincia de Lugo conforme ó previsto no artigo 14 do Convenio en vigor.

Terceiro.- O importe revisado do sobresoldo de transporte para o ano 2005 é de 2,07 euros, mentres que o importe de dito sobresoldo para o ano 2006 é de 2,11 euros.

Cuarto.- O importe revisado do quebranto de moeda para o ano 2005 é de 25,46 euros mentres que o importe de dito quebranto para o ano 2006 é de 25,97 euros.

Quinto.- Os atrasos por diferencias de salarios consecuencia da aprobación das táboas salariais ás que se fai referencia nos acordos anteriores aboaránse ós traballadores no prazo dun mes dende a publicación das mesmas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ou Diario Oficial de Galicia.

Sexto.- Remiti-la presente acta, así como as táboas salariais aprobadas, á Autoridade Laboral competente ós efectos legais oportunos.

E non habendo mais asuntos que tratar, en proba de conformidade, firman a presente acta as persoas á marxe relacionadas en lugar e data indicados no encabezamento, sinalándose pola representación da Central Sindical UGT que o seu representante na Comisión Negociadora D. Pastor Fuenteseca Díaz é substituído por D. Manuel Chaín Fernández.

Fdo.: Trinidad Lombardero Fernández; Fdo.: Aarón Castro Vilariño; Fdo.: Sandra Cancela Vázquez; Fdo.: Luis Franco Agrelo; Fdo.: Fernando Teijeiro Valledor; Fdo.: Manuel Chaín Fernández; Fdo.: Javier Freire Couceiro; Fdo.: Jaime Hernández Pena; Fdo.: Jesús Rodríguez López; Fdo.: M^a. del Carmen Antas Pérez.

TÁBOA SALARIAL REVISADA 2005 CONVENIO COMERCIO DE MOBLES E OBXETOS DECORATIVOS

Vixencia: 01/01/05 ó 31/12/05

GRUPO PROFESIONAL	SOLDO BASE	PLUS TRANSP.		RETRIBUC. ANO	CUATRIENIOS MES
		Nota 1	Nota 2		
Grupo Profesional I	803,55	2,07		13.073,96	40,14
Grupo Profesional II	746,66	2,07		12.192,16	37,32
Grupo Profesional III	716,49	2,07		11.724,53	35,84
Grupo Profesional IV	696,42	2,07		11.413,44	34,80
Grupo Profesional V	632,79	2,07		10.427,18	31,52

(1) O Plus de Transporte anual está calculado en función de 299 días laborais (incluídas vacacións) de luns a venres.

(2) Antigüidade de vencemento durante a vixencia destas táboas.

TÁBOA SALARIAL 2006 CONVENIO COMERCIO DE MOBLES E OBXETOS DECORATIVOS

Vixencia: 01/01/06 ó 31/12/06

GRUPO PROFESIONAL	SOLDO BASE	PLUS TRANSP.		RETRIBUC. ANO	CUATRIENIOS MES
		Nota 1	Nota 2		
Grupo Profesional I	819,62	2,11		13.335,00	40,94
Grupo Profesional II	761,59	2,11		12.435,54	38,07
Grupo Profesional III	730,82	2,11		11.958,60	36,56
Grupo Profesional IV	710,35	2,11		11.641,32	35,50
Grupo Profesional V	645,45	2,11		10.635,37	32,15

(1) O Plus de Transporte anual está calculado en función de 299 días laborais (incluídas vacacións) de luns a venres.

(2) Antigüidade de vencemento durante a vixencia destas táboas.

R. 03691

AYUNTAMIENTOS

ALFOZ

Edicto

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello o orzamento para o exercicio 2006, expónse ó público na Secretaria deste Concello por prazo de quince días hábiles que empezará a contarse desde o seguinte o da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, as cales deberán ser dirixidas o Sr. Presidente do Concello, en cumprimento do disposto no art. 150.1 da Lei

39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais.

Alfoz, a 1 de agosto de 2006.- O Alcalde por delegación, Antonio Cao Fdez.

R. 03731

BARALLA

Anuncio

Faise pública a relación de bens e dereitos que veñen relacionados no proxecto da obra "acondicionamento do Campo da Feira de Sobrado", que é necesario ocupar